

Primer premio relato 8 (ex aequo).

Natalia Domínguez. 2ºA

FIN

Non podía seguir.

Ese pensamento asentouse na súa mente como unha certeza.

Doialle todo, as pernas, de correr, a cabeza, dos anos de estrés acumulado, os pulsos. pola cantidade de veces que a agarraran bruscamente.

Non podía seguir.

Xa facía un ano da primeira vez que a asaltara ese pensamento, intentáralo moitas veces, fuxir, pero era incapaz, tantos anos de abusos psicolóxicos derivaran niso, ela sabía. sabía que lle faltaba algo fundamental: confianza, pero por máis que o quixera non a podía atopar, el encargárase diso.

Non podía seguir.

Convertérase no seu mantra persoal, volveu pensar niso mentres se encollía na esquina do seu cuarto, pasou a lingua polos beizos sentindo un sabor metálico, maldiciu para os seus adentros, pero non podía facer nada, esperou a escoitar a porta da entrada pechándose, e cando o fixo, permitiuse chorar e desafogarse.

Non podía seguir, tiña que poñerlle fin.

Agregáralle outra oración ao mantra. Había pouco fixera unha amiga, non lle contara nada, pero preocupárase ao vela un día coa cara chea de mazaduras.

- Caín - foi o que lle dixo, mais a amiga non lle creu.

Sentáballes ben que alguén se preocupase por ela, era unha boa sensación.

Non podía seguir, e hoxe xa sería o fin.

Iso foi o único que pensou esa nena ao mirar a razón dos seus pesadelos.

- Adeus, papá - díxolle mirándoo aos ollos mentres lle disparaba na cabeza.

Rematou.

Na entrada do edificio reunírase moita xente que observaba con horror como dous axentes levaban a una nena esposada cara ó coche policial, acusada de matar o seu pai. Os ollos da rapaza encontráronse cos da súa amiga, a única razón pola que decidira matar e non matarse, sorriulle e murmurulle.

- Grazas-.

Natalia Domínguez

Primer premio relato (ex aequo).

Icía Lagares 2ºB

ÚLTIMAS LEMBRANZAS

Hai un espazo entre o espiritual e o tanxible, que, desde as lendas antigas, é chamado limbo. Alí descansan as criaturas mitolóxicas coñecidas, dende elfos a dragóns. Escóndese no mundo terreal ate que os ve algún humano, entón, involuntariamente desfáanse e viaxan ate o limbo, un paraíso.

E ti, tanto coma eu antes de coñecer esta historia, pensarás que vivir no limbo é marabilloso para eles... Pero isto non è de todo certo. Si que están nun paraíso, pero están amargados, xa que saben que nalgún momento serán escollidos para a creación dunha alma.

Entón preguntaste: que é isto da creación dunha alma?

Fareivos un pequeno resumo. Para crear a alma dunha persoa fan falla dúas criaturas máxicas, pero de valores opostos, como por exemplo, unha fada e un trasno. Estes son elixidos, e loitan a morte na pedra dos sacrificios. Ningún "sobrevive", se se lle pode chamar así. Os dous desaparecen envoltos nunha luz cando remata a pelexa.

E todo o sangue derramado coase a través da pedra e cae nun lago. Neste lago o sangue agrúpase e crea unha especie de esfera dunha cor brillante, à que o lago lle da vida, e viaxa polo limbo ate chegar ao seu destino, dentro dun recién nacido.

Esta é a historia dunha desas criaturas que foron para o limbo:

Tratábase dun unicornio que naceu á beira dun río. Un día que estaba descansando, cando apenas era unha cría, uns excursionistas atopárono durmindo no leito do río. Tedes que pensar que os unicornios non son coma nos contos, senón que parecen cabalos, e vailles crescendo o corno a medida que crecen. Este, como era moi pequeno, apenas tiña corno, e confundírono cunha cría de cabalo. Foi entón cando a criatura espertou, e sobresaltada escapou correndo ate mergullarse no bosque.

Pero era demasiado tarde, e con 4 semanas desfixose e viaxou ate o limbo. Ali pasaron os anos; o unicornio, aínda que non tiña amigos, non lle importaba e vivía feliz, aproveitando cada instante, porque aquel era o único lugar que coñecía (xa se esquecera do mundo terreal).

Ate que foi elixido, e alí, na pedra dos sacrificios, loitou contra un lobishome, que o feriu de morte.

As súas últimas lembranzas foron ver como xurdía do seu sangue, da súa vida, unha nova alma que se elevaba no ceo. E sentíu que todo pagara a pena.

Icía Lagares

**Primer premio poesía.
Antía Gómez 2ºB**

Viaxar entre realidades

Espertei,
e puiden ver aquel amencer, tintado de mentiras.
Puiden ver os paxaros,
voando nun ceo de soños rotos,
onde antes houbera estrelas
agora só hai un enorme baleiro.
Puiden sentir, as gotas de rocío,
secándose, xunto cas bágoas,
que inundaron as miñas crenzas.
Puiden ver aquel pequeno mundo noso,
case inexistente,
do que xa non quedan,
nin aquelas cores rosadas,
que cubrían o noso amor.
Espertei cansa,
de ser dúas persoas á vez,
cansa de manipular con coidado,
os seus fráxiles sentimentos,
cansa de intentar compracer a todo o mundo,
mais despois de non poder con todo,
despois de non ser suficiente,
só pretendo sandar, curar, revivir,
Por unha vez,

Escollerme a min.

Agora, despois de todo,

tras navegar en mares de bágoas,

tras buscalo en augas cheas de recordos,

tras perder o rumbo,

tras volver buscalo en promesas rotas,

marcadas con bicos salgados,

tras cruzar repetidas veces a barreira do amor e do odio,

tras sentir os seus puñais atacándome directamente a min,

Utilizarei o meu último suspiro para dicir:

"quérote".

Antía Gómez